LIBROS DE TEXTO DE 6º EI (5 anos)			
	FICHAS ;BADABAM! 5 AÑOS	Santillana	978-84-680-6263-1 978-84-680-6260-0 978-84-680-6270-9

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2021/22			
Código de centro:15004991		Denominación do centro: CEIP Cidade Vella	
Enderezo: Ferrerías, 1		Concello: A Coruña	
Correo electrónico: ceip.cidade.vella@edu.xunta.gal		Teléfono: 881960701	
LIBROS DE TEXTO DE 1º EP			
MATEMÁTICAS	PROYECTO SABER HACER CONTIGO	SANTILLANA	978-84-141-1110-9
LENGUA E LIT. CASTELÁN	PROYECTO SABER HACER CONTIGO	SANTILLANA	978-84-680-4741-6
LINGUA E LIT. GALEGA	PROXECTO SABER FACER CONTIGO	SANTILLANA	978-84-9185-058-8
CIENCIAS SOCIAIS	PROXECTO SABER FACER CONTIGO	SANTILLANA	978-84-9185-035-9
CIENCIAS NATURAIS	PROXECTO SABER FACER CONTIGO	SANTILLANA	978-84-9185-037-3
INGLÉS	GO! 1 STUDENT´S PACK	RICHMOND	9788466829205
RELIXIÓN CATÓLICA(só alumnos que elixan esta opción))	NUESTRA CASA 1º Primaria-MSA18 (CASTELÁN) Primaria Mas savia	SM	97884911076445



Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2021/22

Código de centro:15004991		Denominación do centro: CEIP Cidade Vella	
Enderezo: Ferrerías, 1		Concello: A Coruña	
Correo electrónico: ceip.cidade.vella@edu.xunta.gal		Teléfono: 881960701	
LIBROS DE TEXTO DE 3º EP			
MATEMÁTICAS	PROYECTO PIEZA A PIEZA	ANAYA	978-84-698-4201-0
LENGUA E LIT. CASTELÁN	PROYECTO PIEZA A PIEZA	ANAYA	978-84-698-4164-8
LINGUA E LIT. GALEGA	PROXECTO SABER FACER CONTIGO	SANTILLANA	978-84-9185-228-5
CIENCIAS SOCIAIS	PROXECTO ZOOM	VICENS VIVES	978-84-682-5208-7
CIENCIAS NATURAIS	PROXECTO SABER FACER CONTIGO	SANTILLANA	978-84-9185-232-2
INGLÉS	GO! 3 STUDENT´S PACK	RICHMOND	9788466825405
RELIXIÓN CATÓLICA(só alumnos que elixan esta opción)	NUESTRA CASA 3º Primaria-MSA 18 (Castelán) Primaria Mas savia	SM	9788491076452

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2021/22

Código de centro:15004991		Denominación do centro: CEIP Cidade Vella	
Enderezo: Ferrerías, 1		Concello: A Coruña	
Correo electrónico: ceip.cidade.vella@edu.xunta.gal		Teléfono: 881960701	
LIBROS DE TEXTO DE 2º EP			
MATEMÁTICAS	PROYECTO SH Contigo Mochila ligeira	SANTILLANA	978-84-680-4747-8
LENGUA E LIT. CASTELÁN	PROYECTO SH Contigo Mochila ligera	SANTILLANA	978-84-680-4746-1
LINGUA E LIT. GALEGA	PROXECTO SH Contigo Mochila lixeira	SANTILLANA	978-84-9185-062-5
CIENCIAS SOCIAIS	PROXECTO SABER FACER CONTIGO	SANTILLANA	978-84-9185-033-5
CIENCIAS NATURAIS	PROXECTO SABER FACER CONTIGO	SANTILLANA	978-84-9185-036-6
INGLÉS	GO! 2 ACTIVITY PACK	RICHMOND	9788466825948
RELIXIÓN CATÓLICA(só alumnos que elixan esta opción)	NUESTRA CASA 2º Primaria-MSA18 (Castelán)Primaria Mas savia	SM	9788491076476

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2021/22

Código de centro:15004991		Denominación do centro: CEIP Cidade Vella	
Enderezo: Ferrerías, 1		Concello: A Coruña	
Correo electrónico: ceip.cidade.vella@edu.xunta.gal		Teléfono: 881960701	
LIBROS DE TEXTO DE 4º EP			
MATEMÁTICAS	PROYECTO	ANAYA	978-84-678-7781-6
LENGUA E LIT. CASTELÁN	PROYECTO SABER HACER	SANTILLANA	978-84-680-2956-6
LINGUA E LIT. GALEGA	PROXECTO SABER FACER	SANTILLANA	978-84-9972-616-8
CIENCIAS SOCIAIS	PROXECTO	ANAYA	978-84-678-8021-2
CIENCIAS NATURAIS	PROXECTO	ANAYA	978-84-678-8017-5
INGLÉS	GO! 4 Activity Pack	RICHMOND	9788466826785

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2021/22

Código de centro:15004991		Denominación do centro: CEIP Cidade Vella	
Enderezo: Ferrerías, 1		Concello: A Coruña	
Correo electrónico: ceip.cidade.vella@edu.xunta.gal		Teléfono: 881960701	
LIBROS DE TEXTO DE 5º EP			
MATEMÁTICAS	PROYECTO PIEZA A PIEZA	ANAYA	978-84-698-4349-9
LENGUA E LIT. CASTELÁN	PROYECTO PIEZA A PIEZA	ANAYA	978-84-698-4311-6
LINGUA E LIT. GALEGA	PROXECTO SABER FACER CONTIGO	SANTILLANA	978-84-9185-224-7
CIENCIAS SOCIAIS	PROXECTO ZOOM	VICENS VIVES	978-84-682-7108-8
CIENCIAS NATURAIS	PROXECTO SABER FACER CONTIGO	SANTILLANA	978-84-9185-235-3
INGLÉS	GO! 5 STUDENT'S PACK	RICHMOND	9788466828871
RELIXIÓN CATÓLICA(só alumnos que elixan esta opción)	NUESTRA CASA 5º Primaria .CAS-MSA 18 (Castelán)	SM	9788491076469

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2021/22

Código de centro:15004991	Denominación do centro: CEIP Cidade Vella
Enderezo: Ferrerías, 1	Concello: A Coruña
Correo electrónico: ceip.cidade.vella@edu.xunta.gal	Teléfono: 881960701

LIBROS DE TEXTO DE 6º EP

MATEMÁTICAS	PROYECTO AULA ACTIVA	VICENS VIVES	978-84-682-1554-9
LENGUA E LIT. CASTELÁN	PROYECTO SABER HACER	SANTILLANA	978-84-680-3171-2
LINGUA E LIT. GALEGA	PROXECTO SABER FACER	SANTILLANA	978-84-9972-497-3
CIENCIAS SOCIAIS	PROXECTO SABER FACER	SANTILLANA	978-84-9972-440-9
CIENCIAS NATURAIS	PROXECTO APRENDER E CRECER EN CONEXIÓN	ANAYA	978-84-678-8308-4
INGLÉS	GO! 6 Activity Pack	RICHMOND	9788466831376

8. ACTIVIDADES DO CENTRO

8.1 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A programación de actividades extraescolares do curso 2021-22 está marcada de novo polo protocolo COVID e a súa evolución . TenDo en conta que a prioridade é a saúde de todos e todas, realizaranse aquelas actividades que non supoñan un risco para a seguridade da comunidade educativa, sen olvidar que os nenos e nenas necesitan saír ao exterior e aprender noutros contextos.

A) O EQUIPO.

O equipo de actividades extraescolares e complementarias está composto polos seguintes membros:

- María del Carmen Sáenz de Lafuente y Valle.
- Patricia González Fernández.
- Sandra Domínguez Pérez.
- Ana Eva Suárez García. (Coordinadora).

B) CELEBRACIÓNS:

As celebracións que o centro vai celebrar ao longo do curso 2021-22 son as seguintes:

- Festa de Outono : Magosto, Samaín-Halloween.
- Nadal.
- Día da Paz.
- Entroido.
- Día do Libro.
- Semana das letras Galegas.
- Fin de Curso.

C) PROXECTO INTERDISCIPLINAR

Tal como fixemos en cursos anteriores, escolleremos un proxecto interdisciplinar, un tema sobre o que traballaremos de forma conxunta todos os equipos educativos; durará todo o curso escolar e formará parte de todas as celebracións do centro, de forma transversal.

D) PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA EDUCATIVO DO CONCELLO.

Solicitamos as seguintes actividades ofertadas polo concello:

- A Coruña de Aventura:

Visitas escolares 2021-22: Museo de Belas Artes (Infantil, 1º y 3º de Primaria); Fundación Luis Seoane (3º Primaria).

Itinerarios 2021-22: Historias de María Pita (5º Infantil), Un Museo ao aire libre (6º Infantil), Xardín de San Carlos (1º Primaria).

- A Coruña Cultural:

Cinema na Escola: 5º Educación Primaria. Usando a metodoloxía LOVA.

Todo público: programación de teatro para centros escolares 2021-22: 5º y 6º.

Cada aula pode asistir a unha obra por curso. Estamos pendentes da oferta de xaneiro para os restantes niveis educativos.

Visitas Escolares ás Bibliotecas Municipais : 3º Educación Primaria.

- A Coruña e o Consumo:

Froitas e verduras: 1º Educación Primaria.

Seguridade no Fogar: 1º Educación Primaria.

Xogar sen xoguetes: 1º E.P.

- A Coruña ambiental:

A Ruta da auga: 5º e 6º, Primaria.

- Visitas escolares a las casas museo: Picasso (2º E. Primaria).

- Museos Científicos Coruñeses: O Aquarium Finisterrae (Infantil).

E) OUTRAS ACTIVIDADES.

Está prevista a posibilidade de realizar outras actividades ofertadas polas administracións locais, autonómicas, ou institucións que sexan de interese para o alumnado: cine no CGAI, teatro, concertos didácticos, visitas a exposicións, talleres didácticos, etc.

Haberá excursións de fin de curso, no terceiro trimestre, nas etapas de E. Infantil e E. Primaria. En E. Infantil ten previsto participar nas actividades da Granxa O Ventoso, o 21 de xuño.

O alumnado de sexto curso disfrutará dunha excursión de fin de etapa, de varios días, ao Grove, no Camping Fieitás.

Todas estas actividades poderán sufrir cambios ou ser suspendidas se as circunstancias así o determinan. As diferentes saídas e actividades terán sempre en conta o protocolo COVID.

Música nas entradas e saídas.

Neste curso contamos cunha instalación de megafonía nova que permite poñer música para indicar as entradas, saídas e o principio e fin dos recreos. Temos previsto que todo o claustro poida escoller os temas musicais, tendo en conta o calendario e as súas celebracións.

8.2 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ANPA

Este curso recupéranse as actividades extraescolares ofertadas pola ANPA Herrerías, seguindo un protocolo aportado por unha empresa externa, que fai que se adapten as necesidades da Covid.

No horario non lectivo das tardes e xestionadas pola ANPA realízanse as actividades extraescolares, en horario de 16 a 18 horas.

Tamén, en horario escolar, organiza festas nas principais conmemoracións. No curso 2021-22, ofértanse as seguintes actividades:

Hª	Espacio	Lunes		Martes		Miércoles		Jueves		Viernes	
		E. Infantil	E. Primaria	E. Infantil	E. Primaria	E. Infantil	E. Primaria	E. Infantil	E. Primaria	E. Infantil	E. Primaria
16-17	Comedor				Robotica 1º y 2º	Pinta y Cres					
	Salon de actos			Senireques					Baile Moderno		
	Aula relixión	Inglés			Inglés 3º y 4º EP		Inglés 5º y 6º EP		Inglés 1º y 2º EP		
	Pista exterior		Multideporte	Predeporte					Predeporte		Multideporte
	GYM			Judo					Judo		
	Pista Cabierta	Patinaje			Basket 2º a 6º		Patinaje 3º-6º				Fútbol (2/3º-6º E.P.)
17-18	Comedor				Robotica 3º a 6º						
	Salon de actos				Senireques (de 1º a 4º EP)						
	GYM				Judo		Gimnasia Rítmica (1ºa6º)		Judo		
	Aula relixión										
	Pista Cabierta		Patinaje 1º y 2º				Patinaje Extra EP				Fútbol (E Infantil - 2º E.P.)

Contéplase a posibilidade de organizar actividades no mes de xuño, organizadas coas colaboración do Concello ou pola ANPA.

9. PROGRAMAS DE FORMACIÓN

Neste curso escolar 2021-2022 a formación do profesorado será:

1. Individual, a través de diferentes cursos ou actividades formativas ofertadas polo CFR, durante os meses de setembro a novembro, ou polas institucións públicas e/ou sindicais, así como en iniciativas privadas e particulares.
2. Grupais, dentro do centro desenvolveranse dous PFPP de formación:

- LIÑA A: Plan dixital do centro. Integración didáctica das Tic. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.

- LIÑA E: Convivencia escolar e clima da aula. Saúde e benestar emocional. Relación coas familias.

A duración dos mesmos será desde novembro a maio.

10. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O centro conta co servizo de comedor escolar xestionado pola Anpa a través da empresa Jardanay; é un servizo de catering coa posibilidade de levar a comida para a casa.

Na actualidade acolle aproximadamente a 100 alumnos/as, en horario de 13:45 a 16:00 repartidos en varias quendas e atendidos por varios monitores/as da propia empresa.

Tamén existe un servizo de madrugadores de 07:30 a 09:00 horas, incluíndo o almorzo para quen o requira; serán custodiados por un monitor/a da empresa.

Existe un protocolo específico para o contexto COVID da organización do comedor do centro, recollido no Plan de adaptación ao contexto COVID do noso centro.

11. PLANS E PROXECTOS

11.1 PLAN DE ACOLLIDA DOS NENOS E NENAS DE 3 ANOS

Tomando como referencia o lexislado na Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil e se ditan instrucións ao respecto, e considerando o artigo 3 que sinala “os centros educativos planificarán un período de adaptación do alumnado para favorecer a transición desde a familia ou desde a escola infantil de primeiro ciclo á nova situación de ensino aprendizaxe. A organización deste período garantizará a integración gradual...”.

Dada a diversidade de alumnado que acolle o noso centro, e a importancia que ten ca incorporación das nenas e nenos de tres anos se realice da forma máis axeitada posible basearémonos nos seguintes CRITERIOS:

- Na atención individualizada a cada alumna e alumno e a súa familia.
- Na colaboración entre as nais e pais coa escola.
- Na flexibilidade nos horarios.
- Na permanencia a tempo parcial, nos primeiros días, do alumnado no centro.
- Na incorporación progresiva das nenas e nenos en pequenos grupos.

No curso 2021-2022 o 4º ciclo de Educación Infantil comeza cunha primeira reunión de pais/nais o día 6 de setembro. Os asuntos a tratar na reunión son os seguintes:.

- Información xeral aos pais/nais sobre a etapa na que se verán inmersos os seus fillos/as.
- Pautas para as familias durante o curso escolar.
- Faise entrega da lista de material de aula.
- Plantexamento do período de adaptación:

A duración será dende o 9 de setembro ao 21 de setembro ambos inclusive, onde estableceranse dous turnos cunha redución horaria os primeiros días que irá aumentando ó longo do proceso.

Lévase a cabo do seguinte xeito:

Duración	Datas	Grupos	Horario	Merenda
2 días.	9-10 setembro.	Grupo 1 de 9:15 a 10:45. Grupo 2 de 11:45 a 13:15.		No
2 días.	13-14 setembro.	Todos/as.	10:00-12:30	Si
3 días.	15-17 setembro.	Todos/as.	10:00-13:00	Si
2 días.	20-21 setembro.	Todos/as.	09:30-13:30	Si
A partir 22 setembro.		Todos/as.	09:10-13:40	SI

Faise especial fincapé na explicación de todo o que recolle o plan de adaptación ao contexto COVID do centro.

CONCLUSIÓN: o periodo de adaptación iniciouse e rematou nos prazos previstos desenvolvéndose con total normalidade e sen incidencias.

11.2 PROGRAMA DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR

1. XUSTIFICACIÓN

Presentamos o Plan Anual da nosa biblioteca co obxectivo global de integrar a Biblioteca escolar no proceso de ensinanza-aprendizaxe posibilitando a formación nas distintas técnicas de información e investigación, axudando no desenvolvemento das competencias clave, fomentando o gusto pola lectura e potenciando a educación en valores.

Destacamos a importancia da Biblioteca no proceso educativo, da necesidade de mellorar o equipamento e os fondos e do imprescindible que resulta contar cun proxecto común, sendo a biblioteca o eixo .

Este ano coa problemática do COVID e a necesidade de reorganizar os libros existentes e de nova adquisición, a biblioteca funcionará descentralizada dando servizo directo de préstamo as aulas ata que sexa posible a súa apertura. Levárase un rexistro do préstamo para ter localizada a colección e que os membros da comunidade podan localizar onde está ubicado cada exemplar. Despois do préstamo os libros pasarán un período de cuarentena para poder volver a ser prestados.

Publicaranse as guías, recomendacións de lectura, etc na páxina web do Centro para o coñecemento de toda a comunidade educativa.

A biblioteca do centro precisa dalgunha mellora aínda que xa levamos moitas a cabo grazas ao PLAMBE.

De entre elas consideramos prioritarias as seguintes:

- **Aumentar** o número de **fondos** bibliográficos e dixitais de información e consulta para alumnos e profesores.
- **Ampliar** a **colección** de poesía, teatro, banda deseñada, etc.
- **Renovar e ampliar os fondos da colección da biblioteca e tamén renovar e ampliar o mobiliario ou equipamento da mesma, para lograr unha mellor atención á diversidade e cara a unha biblioteca inclusiva.**
- Dispoñer de **xogos** educativos variados.

2. OBXECTIVOS

- Colaborar activamente na tarefa de ensinar aos alumnos a buscar información en distintas fontes e soportes, a seleccionala e expoñela de maneira axeitada como resultado dun traballo de investigación.
- Deseñar e desenvolver actividades que fomenten a lectura, que esperten o interese pola literatura e provoquen a curiosidade pola investigación a través de distintas fontes e soportes informativos.
- Facilitar o material documental necesario para os proxectos dos equipos docentes e para as actividades programadas nas titorías.
- Consensuar unha guía para a realización de traballos de investigación.
- Elaborar guías de lectura que recollan recomendacións e técnicas de animación.
- Implicar ás familias no fomento da lectura facilitándolle as guías e invitándoas a colaborar en determinadas actividades.
- Revisar a colección facendo un novo expurgo daqueles exemplares deteriorados e ordenar de novo as coleccións, incorporando as novas adquisicións. Crear un ambiente agradable na biblioteca: coidando de que a distribución do mobiliario sexa a adecuada, mantendo ordenados e accesibles os libros e demais materiais documentais e propiciando comodidade para a lectura e a investigación.
- Formar aos alumnos como usuarios de biblioteca para optimizar a calidade do servizo e facilitar o mantemento.

- Catalogar os materiais bibliográficos e dixitais utilizando o programa Meiga.
- Organizar o servizo de préstamos, consulta de fondos e desenvolvemento de actividades dando pautas horarias e de funcionamento.
- Informar a través de circulares, carteleiras e da páxina web do centro das novidades de biblioteca: exposicións, actividades e novas adquisicións de fondos.
- Manter contacto con outras bibliotecas escolares e coas bibliotecas municipais para préstamo de materiais e intercambio de experiencias e actividades.

3. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Equipo da biblioteca:

- Recoller propostas e suxestións do profesorado e do alumnado.
- Información de actividades e novidades.
- Farase por medio de circulares, carteis, taboleiro de anuncios, páxina web e abalar móbil.

4. ACTUACIÓNS PREVISTAS

- Xestión técnica e organización:

- Ao comezo do curso:
 - . Elaborar e dar a coñecer o plan anual de traballo.
 - . Revisar a colocación dos libros nos andeis e renovar a sinalización.
 - . Acordar a adquisición dos materiais máis necesarios.
 - . Programar, anunciar e impulsar as actividades de cada trimestre.
 - . Traer libros doutras bibliotecas para as actividades que o precisen.
 - . Xestionar a visita dun escritor, ilustrador e/ou contacontos.
 - . Manter os taboleiros actualizados coas aportacións do alumnos.

- Publicar na páxina web as actividades de biblioteca, guías de lectura e técnicas de animación.
- Adicar tempo á catalogación dos fondos co programa MEIGA.
- Difundir as novas adquisicións entre alumnos, profesores e pais.

- Final de curso:

- Avaliar o proxecto e recoller os resultados nunha memoria.

- Dinamización

Formación do usuarios e educación documental:

- Ao comezo do curso:

Guía de funcionamento da biblioteca durante este curso.

- ⇒ **Visitar unha biblioteca pública** co grupo de alumnos participando en actividades programadas pola propia biblioteca.
- ⇒ Alentar aos alumnos de 5º e 6º a que acudan a distintas bibliotecas na procura de libros e información para tarefas escolares.
- ⇒ Motivar e guiar aos alumnos para que se conviryan en **exploradores de biblioteca** e recompilen material documental sobre (contido incluído no proxecto interdisciplinar do centro)
- ⇒ Proporcionar **guías** adaptadas ao nivel dos alumnos para que co material recompilado realicen o **traballo de investigación**

A responsable adicará 2 horas do seu horario lectivo á biblioteca. Os/as membros/as dedicarán un período lectivo á semana ao traballo de biblioteca. Ademais haberá unha reunión de coordinación ao mes como mínimo.

5. AVALIACIÓN

Ao remate de cada trimestre ou comezo do seguinte:

- Comprobaremos se todas as actividades programadas se levaron a cabo ou se xurdiron dificultades para o seu desenvolvemento.
- Valoraremos a participación nas actividades de libre elección por medio de cuestionarios.
- Concretaremos que obxectivos e competencias clave se traballaron por medio de rexistros.
- Analizaremos as dificultades e resaltaremos os acertos.
- Reprogramaremos, en caso necesario, o seguinte trimestre.

Ao remate do curso:

- Valoraremos o grao de consecución dos obxectivos propostos e elaboraremos unha memoria.

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO:

Xustificación

A biblioteca apoiará os diferentes proxectos que o mestres/as do centro decidan implemmentar e promoverá a realización dun proxecto interdisciplinar para o presente curso

Aspectos a cumprir polo proxecto:

- ✓ Poderse adaptar a todos os niveis educativos.
- ✓ Ter carácter interdisciplinar, xa que traballa aspectos de todas as áreas curriculares.
- ✓ Traballar a educación en valores.
- ✓ Vertebrar arredor del as celebracións e actividades complementarias.

✓ Reflictir a adquisición e evolución de coñecementos e técnicas de expresión oral, escrita, plástica e interpretativa dos alumnos.

Obxectivos

- ✓ Adestrarse no traballo documental: búsqueda, valoración e selección da información para plasmala de forma clara e creativa nun novo documento.
- ✓ Adquirir técnicas de observación, investigación e experimentación.
- ✓ Traballar as competencias clave dentro dun tema motivador. Intervención da biblioteca.

A biblioteca colaborará en cada unha das fases do proxecto:

- ✓ Proporcionando materiais en diversos soportes adecuados ás distintas idades do alumnado e aos diversos centros de interés.
- ✓ Guiando no procedemento de búsqueda de información.
- ✓ Elaborando fichas-guía que axuden aos alumnos a extraer e ordenar as informacións recabadas.

- ✓ Motivando ao alumnado con xogos de investigación e propostas para a creatividade.
- ✓ Marcando pautas e tempos para a realización das actividades.
- ✓ Axudando na elaboración de murais, presentacións, textos,...
- ✓ Colaborando na publicación dos traballos.
- ✓ Organizando visitas de escritores, ilustradores,...

As liñas prioritarias para o presente curso enmarcadas dentro do PLAMBE 21-22 son:

ANEXO VIII

Liñas prioritarias de actuación na biblioteca escolar para o curso 2021/22

(Centros xa integrados no PLAMBE)

1. En relación coa organización e xestión; a configuración na biblioteca como <<laboratorio creativo de aprendizaxes>>.

Este é o noso terceiro ano incluídos no PLAMBE, o que nos permitiu seguir a aumentar os fondos bibliográficos principalmente.

A biblioteca serve, ademais, de canle para a integración no centro educativo das tecnoloxías da comunicación que a sociedade vai desenvolvendo, e ofrece a posibilidade de acceso igualitario aos bens culturais, independentemente do estrato económico e cultural de procedencia, actuando así como axente de compensación social. Sendo unha ferramenta de apoio a toda a comunidade educativa especialmente adaptándose ás necesidades xurdidas da situación sanitaria do país.

2 . En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución a alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

Como cada curso escolar levaremos a cabo un proxecto integrado e documentado que xirará sempre en torno ao currículo de Educación Infantil e de Educación Primaria.

Traballando sempre as competencias básicas do alumnado. Os resultados das avaliacións individualizadas de primaria ou doutros estudos sobre as competencias do alumnado evidencian a necesidade de mudar metodoloxías e procurar maiores índices de excelencia, ao tempo que se diminúen os índices de fracaso escolar. Un uso continuado de fontes informativas diversificadas, a extensión de prácticas innovadoras no tratamento dos contidos curriculares, así como a educación para a lectura crítica e o uso eficaz e responsable da información, poden contribuír a mellores logros.

As bibliotecas neste sentido, teñen o reto de favorecer a alfabetización múltiple a que fai referencia o documento do Consello da Unión Europea do 26 de novembro de 2012, que a salienta como competencia esencia para a vida e para todas as aprendizaxes, e a define

como a <<comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e as imaxes, escritos, impresos ou en en versión electrónica>>.

3. En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual <<competencia dixital>>)

ACTUACIÓNS PREVISTAS. Xestión e organización

1. Formación de usuarios e educación documental
2. Ao comezo de curso
 - Crear e preparar un **grupo de alumnos** que colaboren coas tarefas da **biblioteca**.
3. Durante o curso
 - a) Visitar unha biblioteca pública co grupo de alumnos participando en actividades programas pola propia biblioteca.
 - b) Alentar aos alumnos de 5º e 6º a que acudan a distintas bibliotecas na procura de libros e información para tarefas escolares.
 - c) Motivar e guiar aos alumnos para que se convertan en exploradores de biblioteca e recompilen material documental sobre (contidos incluído no proxecto interdisciplinar do centro).
 - d) Proporcionar guías adaptadas ao nivel dos alumnos para que o material recompilado realicen o traballo de investigación

4. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector do centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción da información.

Para o desenvolvemento do proxecto lector do centro a biblioteca escolar é un instrumento imprescindible que a comunidade escolar debe organizar e dinamizar como un centro de recursos para a lectura, a información e aprendizaxe, un <<centro creativo de aprendizaxes>>, de carácter dinámico e en constante actualización.

A biblioteca escolar pode ser un elemento estratéxico para a innovación pedagóxica, que axude a revitalizar as prácticas educativas e a vida cultural do centro, proporcionando ao profesorado e ao alumnado oportunidades para o emprego de múltiples recursos que permitan unha progresiva autonomía na aprendizaxe.

5. En relación cos avances cara unha biblioteca inclusiva

Este curso pasado houbo unha mellora en canto a fondos relacionados coa biblioteca inclusiva.

Traballaremos en torno a estes obxectivos:

- A organización, actualización e dinamización da biblioteca de centro, entendida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, en evolución cara a un centro <<creativo de aprendizaxes>>.

- O deseño da biblioteca cun enfoque inclusivo, con atención aos espazos, aos recursos, ás oportunidades e á actitude para unha correcta atención da diversidade.

- A incorporación de novas tendencias en materia bibliotecaria: espazos para a creación a aprendizaxe manipulativa, a investigación, o traballo colaborativo e a construción do coñecemento de xeito compartido.

- A súa contribución á mellora dos procesos de ensino e de aprendizaxe e á adquisición das competencias clave do alumnado.

- O concepto de alfabetización múltiple (ou multialfabetismo) á hora de abordar a formación lectora do alumnado.

- O deseño e desenvolvemento de programas para a adquisición de competencias informacionais e mediática, é dicir, as competencias de uso, tratamento e produción de información nos diferentes soportes e formatos, así como o tratamento das linguaxes dos diferentes soportes e formatos, así como o tratamento das linguaxes dos diferentes medios de comunicación.

- A imprescindible integración da cultura impresa e a cultura dixital.

- A realización de actividades de formación de usuarios das bibliotecas e os seus recursos.



- O papel da biblioteca escolar no desenvolvemento do proxecto lector de centro.
- O fomento da lectura e a da escritura.
- A contribución da biblioteca á compensación das desigualdades sociais e á calidade do ensino que se imparte no centro.
- As posibilidades que ofrece para a incorporación de metodoloxías innovadoras e consecuentes coas necesidades educativas actuais.
- Implicación da biblioteca en actividades de extensión cultural destinadas a toda a comunidade escolar.

6. Outras actuacións.

Levaremos a cabo como cada curso escolar un PDI nos currículos de EI e de EP e que contribúa a mellora das competencias clave do alumnado e que será consensuado cos distintos equipos do centro.

7. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se utilizarán.

Ao remate de cada trimestre ou comezo do seguinte:

- Comprobaremos se todas as actividades programadas se levaron cabo ou se xurdiron dificultades para o seu desenvolvemento.
- Valoraremos a participación nas actividades de libre elección por medio de cuestionarios.
- Concretaremos que obxectivos e competencias clave se traballaron por medio de rexistros.
- Analizaremos as dificultades e resaltaremos os acertos. Reprogramaremos, en caso necesario, o seguinte trimestre.
- Ao remate do curso farase unha valoración do grao de consecución dos obxectivos propostos e elaboraremos unha memoria.

Setembro 2021

11.3 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

CURSO 2021-2022

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, é o que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

A atención educativa á diversidade concíbese como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, necesidades, ritmos, estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses, situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

O obxectivo é proporcionar a todo o alumnado unha educación adecuada as súas características e necesidades, rexéndonos polos principios de equidade, normalización e inclusión. Este curso, tendo en conta a pandemia da COVID 19 que estamos a padecer o obxectivo prioritario ha de ser o de prepararnos para seguir na ensinanza presencial con unhas pautas comúns encamiñadas a previr o contaxio do coronavirus entre a comunidade educativa e a posibilidade de que en calquera momento a ensinanza presencial teña que combinarse cunha ensinanza-aprendizaxe semi-presencial ou non presencial.

OBXECTIVOS

O Obxectivo xeral é proporcionar ao alumnado unha educación adecuada ás súas características e necesidades, rexéndonos polos principios de equidade, normalización e inclusión

A determinación dos obxectivos a acadar este curso serán os seguintes:

Desenvolver plans de continxencia co obxectivo de garantir a educación para todo o alumnado en todos os casos previstos de ensinanza-aprendizaxe.

Registrar deficiencias e desigualdades con respecto ao alumnado no acceso as tecnoloxías e as competencias para a ensinanza-aprendizaxe en liña

Axudar aos alumnos/as a desenvolver habilidades que necesitan para afrontar o seu futuro, reinventándose para ser cada vez máis autónomos e responsables da súa propia aprendizaxe

Apoiar ás familias para que teñan un rol máis activo na ensinanza-aprendizaxe dos seus fillos e fillas

Facilitar e promover a inclusión escolar e social do noso alumnado.

Favorecer o desenvolvemento dun sentimento apropiado de autoestima no alumnado.

Acadar un nivel axeitado no desenvolvemento psicosocial

Contribuír á personalización da educación axustando a resposta educativa ás necesidades do alumnado:

- Detectar posibles dificultades de aprendizaxe e artellar respostas axeitadas.
- Favorecer o axuste das programacións ás necesidades educativas detectadas.
- Coordinar as respostas educativas e o proceso da avaliación das mesmas.
- Establecer relacións fluidas de colaboración coas familias asesorándoas no seu labor educativo.
- Propiciar as relacións co entorno sociocomunitario para promover actuacións conxuntas que favorezan o desenvolvemento do noso alumnado.

ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Proxecto educativo de centro e programacións curriculares de aula:

A atención á diversidade formará parte de toda programación didáctica facendo explícitas as medidas tomadas e as distintas canles de actuación.

- Plan de Acción Titorial:

Dentro deste plan farase a elaboración de documentos con orientacións para este curso tratando a flexibilidade e educación emocional

Asemade, dentro do anterior plan iniciaremos a incorporación dun programa para o desenvolvemento das habilidades sociais e solución pacífica de conflitos e a intelixencia emocional.

- Plan de Orientación:

A finalidade da orientación educativa é facilitar o desenvolvemento harmónico e integral do noso alumnado, promovendo actuacións encamiñadas á individualización da ensinanza, a inclusión e a normalización da atención educativa. As tarefas habituais a desenvolver son a valoración do alumnado e a implementación e asesoramento dos diversos plans e programas de actuación. Estas actuacións están reflectidas na programación de actividades e tarefas da xefatura do departamento de orientación.

- Plan de Transición á Educación Secundaria:

Este plan elaborado en coordinación cos IES de Adormideras ao que estamos adscrito e o IES Ramón Menéndez Pidal receptor de gran parte do noso alumnado, propicia a continuidade na resposta educativa ao longo da vida escolar do alumnado, cando este abandona o noso centro e accede á E.S.O. Dentro deste plan desenvolveranse varias accións encamiñadas á mellora do coñecemento do centro receptor por parte do alumnado e as súas familias e, de maneira recíproca, a que o centro receptor do alumnado coñeza as características máis salientables do alumnado que vai a escolarizar para poder adoptar as medidas precisas para ofrecer unha axeitada atención educativa. Artellarase en varias actuacións, sempre que a situación que estamos a vivir neste curso a causa da pandemia, nolo permita:

- Día de convivencia nos IES Adormideras e o IES Ramón Menéndez Pidal.

- Xornadas de presentación da oferta educativa dos IES anteriormente mencionados aos pais do noso alumnado.

- Intercambio de información sobre o alumnado que finalmente se escolarice en ditos centros.

- Plan de Acollida e Adaptación:

Este plan está dirixido a todo aquel alumnado que se incorpora ao noso centro. Facemos distinción entre o alumnado que comeza a súa escolaridade en EI de 3 anos e que seguirá un período de Adaptación progresivo e en estreito contacto coa familia; e o alumnado que se incorpora ao centro procedente doutro centro, do estranxeiro ou de calquera outra comunidade de España.

O plan de acollida facilitará o axuste da resposta educativa ao novo alumnado, en especial a aquel que descoñeza os idiomas vehiculares do ensino (castelán e galego), tomando aquelas decisións que a lexislación actual nos permita.

- Medidas ordinarias de atención á diversidade:

Son medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas estratexias que facilitan a individualización e adaptación do proceso de ensino-aprendizaxe sen modificar os obxectivos, contidos e criterios de avaliación propios do ciclo.

Dentro destas medidas inclúense os reforzos educativos na aula, os apoios entre titorías, a inclusión de novas ferramentas tecnolóxicas, as decisións ordinarias de non promoción dun nivel a outro dun alumno/a con insuficiente rendemento académico e outras circunstancias.

- Medidas extraordinarias de atención á diversidade.

Neste curso evidenciamos un repunte na necesidade de horario nos especialistas de apoio PT e AL polo que temos que priorizar os apoios do alumnado con NEAE e de aquel que siga

unha adaptación curricular. Por estes motivos os horarios destes profesionais están entrelazados e son moi complexos.

O alumnado que se matricule procedente do estranxeiro será atendido dentro das medidas ordinarias de atención á diversidade e soamente en casos concretos e razoados se valorará o apoio de PT e/ou AL.

Se ben, aqueles que descoñezan as línguas propias da comunidade galega serán de atención por AL na medida que outras necesidades o permitan.

- OUTRAS MEDIDAS e colaboracións.

No centro educativo están a funcionar colaboracións nos proxectos de entidades coas que seguiremos coordinándonos este curso, na medida que, nolo permita a situación xerada pola COVID :

- JUAN SOÑADOR

- Fundación Isaac Díaz Pardal.

- Centro Cívico, Servizo municipal de Educación.

PROCEDIMENTO PARA SOLICITAR A INTERVENCIÓN DO D.O.

1º O profesorado titor/a entregará aos pais o protocolo de solicitude de intervención do D.O e éstos amosarán por escrito a súa conformidade.

2º A titora/or cumprimentará un protocolo que recolla datos referentes a súa escolaridade, os aspectos máis positivos e as dificultades máis acusadas, as medidas ordinarias adoptadas ata o momento a nivel de grupo clase pola titora/or

3º Entrevista familia-orientadora. Preferentemente conxunta co profesorado titor/a.

4º Recompilación de información respecto ao desenvolvemento persoal, social, académico do/a alumna/o.

5º Entrevista alumno/a e orientadora cando sexa preciso.

6º Cando a información obtida non se considere suficiente para a realización dunha proposta educativa, aplicaranse probas psicopedagóxicas individuais e pedirase se é o caso asesoramento do E.O.E .

7º O resultado da avaliación psicopedagóxica así como as medidas adoptadas serán comunicadas ás familias, en reunión conxunta da titora/or e orientadora, sempre que sexa posible. Nos casos de que a alumna/o vaia a recibir ou estea recibindo xa apoio específico asistirán tamén, se é posible, o profesorado especialista de P.T e A.L.

8º O informe psicopedagóxico, que ten carácter confidencial, será entregado ao profesorado titor/a, que o arquivará no expediente da alumna/o. Unha copia será gardada no arquivo do despacho de orientación do centro.

CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

Profesionais	Medidas	Actuacións
Profesorado titor	P .A. T	Posta en práctica, seguimento e valoración.
	Programación aula.	Elaboración, posta en práctica, seguimento e valoración.
	Xunta avaliación do seu grupo	Presidir e coordinar. Levantar acta



	Plan de Acollida e Adaptación	Concreción e implementación
	ACI/ACS	Coordinación, elaboración e implementación.
	Reforzo educativo	
	Plan de Transición a Secundaria	Implementación e seguimento
	Avaliación Psicopedagóxica	Solicitude ao D.O, información ás familias. Colaboración co D.O
Profesorado de Apoio	Apoios educativos	Colaborar na organización. Atención directa
	ACI/ACS	Colaborar na elaboración e
	RE	implementación
	Apoios educativos	Colaborar na organización Atención directa (alumnado n.e.e, ACIS, dificultades aprendizaxe...)
	Avaliación psicopedagóxica	Colaboración
P.T/ A.L		
	Profesorado sen titorías	Elaboración e
	ACI/ACS	implementación
Profesorado sen titorías	RE	
	Apoios educativos	Colaborar na organización Atención directa





	Avaliación psicopedagóxica	Colaboración
--	----------------------------	--------------

Xefatura Departamento de Orientación	Avaliacións Psicopedagóxicas	Elaboración Solicitude de colaboración do E.O.E ou doutros servizos e institucións
	Plan de Transición a Secundaria	Coordinación cos IES Seguimento
	Plan de Acción Titorial	Asesoramento
	Programacións curriculares	Asesoramento
	ACI/ACS RE Escolarización combinada/ cambio modalidade	Asesoramento e colaboración na elaboración Elaboración de ditame
	Plan de Orientación	Redacción Concreción de actuacións da xefatura para o curso

	Plan de Atención á Diversidade	Redacción de concrecións anuais
Equipo Directivo	Programacións curriculares	Inclusión na P.X:A
	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación
	Medidas extraordinarias de Atención á Diversidade	Solicitude de autorización onde corresponda
	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Elaborar as directrices do Plan Xeral de Atención á Diversidade
Comisión de Coordinación Pedagóxica		
Xunta de Avaliación	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Propoñer ao alumnado que deberá seguir unha ACI no seguinte nivel ou etapa. (asegurarse de que cumpren os requisitos para tal decisión)
Claustro	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Propoñer o Plan ao Consello Escolar
Consello Escolar	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Aprobación

CADRO COMPARATIVO DO REFORZO EDUCATIVO E/OU APOIO ESPECÍFICO

MEDIDAS ORDINARIAS - IMPARTE	MEDIDAS EXTRAORDINARIAS
<p>Profesorado titor</p> <p>Profesorado con horario dispoñible</p>	<p>Profesorado especialista PT/AL</p>
<p>Reforzo educativo (para que o alumno “ camiñe co grupo” Apoio educativo (pequenas “ muletas e axudas” para intentar que o alumno alcance ao grupo-clase)</p>	<p>O alumnado precisa adaptación de materiais, metodoloxías moi específicas ...para seguir actividades da aula.</p> <p>O alumnado precisa un plan de aprendizaxe totalmente individualizado e/ou ACI</p>
<p>PLAN DE REFORZO ou PLAN DE APOIO</p>	<p>PLAN DE TRABALLO INDIVIDUALIZADO</p>
<p>-Elabora o profesorado titor</p> <p>-Elabora o profesorado titor, conxuntamente co profesorado de apoio (poden pedir asesoramento ao profesorado especialista de apoio e/ou á xefatura do D.O)</p>	<p>-Elabora o profesorado titor,especialista de apoio e xefatura D.O</p>
<p>Repetición de curso</p> <p>-Cando as medidas de apoio non fosen suficientes para acadar os obxectivos de nivel</p>	<p>-FLEXIBILIZACIÓN</p> <p>-ACI</p>
<p>TIPOS DE REFORZO</p> <p>-REFORZO</p> <p>Profesorado titor (aula ordinaria)</p> <p>-APOIOS</p>	<p>_APOIO ESPECÍFICO en aula ordinarias</p> <p>- APOIO ESPECÍFICO en aula de apoio</p> <p>Poderá empregarse unha modalidade de apoio combinada: aula ordinaria-aula de</p>



<p>Profesorado titor (aula ordinaria)</p> <p>-DESDOBRES</p> <p>Profesorado titor ou profesorado de apoio</p> <p>-APOIO PARALELO</p> <p>Profesorado titor/ profesorado de apoio (fóra da aula)</p>	<p>apoyo</p>
<p>INFORMACIÓN AOS PAIS</p> <p>Os pais deberán ser informados polo profesorado titor das medidas que precisa o seu fillo/a.Sería necesaria a súa conformidade por escrito sempre pero especialmente can do o apoio vaia a ser fóra da aula ordinaria, ao iniciar os apoios</p>	<p>INFORMACIÓN AOS PAIS</p> <p>Informa aos pais o profesorado titor e a xefatura do D.O</p>
<p>AVALIACIÓN</p> <p>No boletín trimestral debe aparecer RE</p> <p>Debe informarse como se avalía trimestralmente nos casos en que se realicen modificacións na temporalización e/ou na secuenciación dos obxectivos</p>	<p>AVALIACIÓN</p> <p>-Boletín ou informe adaptado.</p> <p>-No caso de ACI , os criterios de avaliación e de promoción serán os que aparecen na ACI</p>

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN XERAIS CO ALUMNADO QUE PRESENTA NEE

Medidas ordinarias:

.Estratexias específicas de ensino-aprendizaxe, tales como presentar contidos e tarefas con distintos graos de dificultade, traballar actividades de reforzo e variedade de tarefas, adecuar recursos e materiais, levar a cabo modelos organizativos flexibles e adaptacións nos procedementos de avaliación. En calquera caso os elementos do currículo que se modifiquen han de ter en conta o estilo de aprendizaxe e o contexto escolar do alumnado. A flexibilización nos procedementos de avaliación debe entenderse como un recurso para adaptar os procesos de ensino-aprendizaxe ás necesidades educativas deste alumnado.

A metodoloxía de traballo debe incorporar o emprego de “ técnicas de autoinstrución”, “ autoavaliación reforzada” e as TIC, tanto na ula ordinaria como cando se lle presta unha atención máis persoalizada dentro ou fóra desta. Estas medidas as adoptará o equipo docente, co asesoramento da orientadora do centro.

PROPOSTAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN DO PROFESORADO A NIVEL DE AULA, NO CASO DE TER ESCOLARIZADO NO GRUPO CLASE :

-Alumnado con discapacidade intelectual na aula ordinaria:

A información deberá ser simple, concreta, precisa organizada e secuenciada. As instrucións serán o máis posibles e reiterativas. O profesorado deberá proporcionar a información en distintos formatos. As tarefas individuais ou grupais , nun contexto de aprendizaxe cooperativo, deberán ser curtas, fraccionadas, e que haxa unha resposta por tarefa.

Para manter a atención, a motivación e a concentración deberán modificarse a miúdo as tarefas procurando que sexan asumibles pero sen poñer límites á capacidade do alumno/a

Aumentarase o tempo para a execución das actividades ou tarefas, incorporando as que propicien condutas adaptativas.

Con frecuencia débense utilizar estratexias de reforzo positivo e potenciar aquelas accións que faciliten a autorregulación da propia conduta dentro da aulaç

A adaptación nos procedementos e instrumentos de avaliación.As probas escritas serán con frases sinxelas e preguntas sen complexidade , incorporando respostas de elección múltiple, verdadeiro ou falso, etc

Concederase máis tempo que ao resto do alumnado.

O desenvolvemento das probas escritas poderán ser en varias sesións, facilitando as oportunas indicacións de apoio, tales como o control de tempo e o repaso do realizado previo a súa entrega

-Alumnado que presenta dificultades específicas de aprendizaxe

Convén que o alumno/a estea sentado preto do profesorado e lonxe de motivos de distracción. As tarefas de clase requirirán dunha supervisión continua.

Debense combinar as máis motivadoras coas que son menos para o alumnado e procurar gradualas e contextualizalas de forma debida. Procurarase empregar reforzos e apoios visuais.

Débese verificar que o alumno comprende o exposto polo profesorado(repetir verbalmente o que ten que facer, ..)

É imprescindible o uso da axenda de deberes e espaciar as instrucións de traballo. Non se proporcionará unha nova consigna ata que non sexa realizada a anterior. Con alumnado con dislexia, disgrafía ou discalculia deberán potenciarse outras capacidades onde o alumnado destaque coa finalidade de mellorar a súa autoestima e motivación.

As instrucións daranse por escrito suliñando ou destacando o máis relevante, esquemas, uso do ordenador, tempo extra, redución e fracionamento das actividades, emprego de

gravadora, ampliar as pausas orais para permitirlle tomar apuntes, evitar a copia dos enunciados das preguntas.

Proporcionarlle “guías de tarefas” escritas ou orais que impliquen unha secuencia de accións(obter a idea principal dun texto, resolver un problema de cálculo)

Se a dificultade é especificamente na lectura e escritura , procederase antes do inicio do exame ou proba escrita á lectura oral das preguntas. As probas escritas levaranse a cabo en dous ou máis sesións , flexibilizando a duración , de maneira individual ou en pequenos grupos, se é posible.

As probas ou exames poderán ser orais ou mediante emprego do ordenador, agás en lingua galega, lingua castela e lingua estranxeira, cando o obxectivo da avaliación sexan os obxectivos e contidos relacionados coa lectoescritura.

Na realización de probas que impliquen lectura e escritura ampliarase o tempo necesario co fin de facilitar a oportuna corrección ortográfica.

As preguntas dos exames escritos incluírán preguntas ou ítems dun mesmo tipo, para evitar erros e confusións. Durante o exame daranse as oportunas indicacións de apoio tales como control de tempo e o repaso do realizado, previo a súa entrega.

Convén dar a coñecer as datas dos exames con antelación. Igual que para o resto do alumnado, os exames ou probas escritas finais ou parciais non deberán ser os únicos instrumentos para avaliar. A avaliación continua será o procedemento empregado.

-Alumnado que presenta trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade (TDAH)

O alumno/a sentado/a preto do profesorado. As tarefas deberán reducirse ou fragmentarse con supervisión continua, graduadas e contextualizadas, combinando actividades motivadoras con outras que son menos para eles/as.

Potenciar outras capacidades en que destaquen para mellorar autoestima e motivación.

Emprego de reforzos e apoios visuais nas instrucións orais , permitir que amose a parte da tarefa que remate.

Verificar que comprende o exposto.

Imprescindible a axenda de deberes.

Espaciar as instrucións de traballo (non proporcionar unha nova consigna ata non ter realizada a anterior)

Proporcionar “ guías de tarefas” por escrito ou orais que impliquen unha secuencia de accións..

Recomendase que todo o equipo docente chegue a un consenso de “ regras mínimas de conduta na aula”, comúns a todo o profesorado e se fose preciso , outras específicas para cada área ou materia. As pautas deben estar escritas e visibles dentro da aula asegurándose de que de que comprende as normas e as consecuencias de incumplilas

Resaltar os pequenos avances e non facer fincapé nos erros

Adaptación nos procedementos e e instrumentos de avaliación., darase a facilidade de realizalos de forma oral ou a través de ordenador, agás nas áreas de linguas nos aspectos relacionados coa lectura e escritura.

As probas escritas realizaranse en dúas sesións como mínimo, flexibilizando a duración.serán por escrito e incluíranse preguntas ou ítems do mesmo tipo.

Darase as oportunas indicacións de apoio durante os exames (control de tempo, repaso do realizado...)

Dar a coñecer as datas de exames con antelación.A avaliación continua será o procedemento empregado.

-Alumnado con trastorno xeralizado do desenvolvemento.

O profesorado planificará con anticipación a xornada de cada día, establecendo rutinas estables e funcionais, con uso frecuente de axudas visuais

Organizar e estruturar o espazo xuntamente cos materiais de aula, evitando continuas modificacións e exposicións a múltiples estímulos, especialmente auditivos dando a coñecer ao alumno/a os tempos e espazos con avisadores, sinais xestuais, marcadores visuais...

Facilitar a interacción social, os procesos de socialización cos demais, facilitando o desenvolvemento da comunicación con sistemas visuais aumentativos e fomentando rede de apoio nas aulas que favorezan a participación e a xeralización desas condutas e eviten o illamento do alumno/a.

Fomentar o traballo cooperativo e as actividades de grupo, permitindo o traballo en solitario nalgúns momentos da xornada para non sobrecargarlo con excesivas demandas sociais.

O traballo será preferentemente en grupos pequenos na realización de tarefas sinxelas e estruturadas que permitan unha adecuada supervisión do seu comportamento.

Ensinanza explícita de condutas básicas (respecto de turnos, escoita atenta, seguemento de regras, resolución de conflitos...)

Facer fincapé nas accións educativas que propicien a convivencia dende o máximo respecto entre o alumnado do centro evitando bromas, que sexan obxecto de burlas, acoso escolar, etc

Estilo de ensinanza directivo e titorizado para que perciban un ambiente social e de aprendizaxe seguro e estimulante para eles/as.

Fomentar o interese do alumno no xogo e na interacción social mediante a organización de xogos e actividades lúdicas estruturadas para os momentos de lecer.

Adaptacións nas probas escritas co deseño de instrumentos adecuados mediante preguntas pechadas, probas obxectivas, tests de resposta múltiples, verdadeiro-falso, apoios visuais, ordenadores..

Proporcionar máis tempo para as probas de avaliación e dar directrices claras sobre a maneira de presentar os traballos e supervisar durante o período de adaptación.

- Alumnado con trastorno grave de conduta

Asegurar o establecemento dun clima positivo de aprendizaxe na aula eloxiando verbalmente ou con xestos todos aqueles comportamentos que se desexan tales como esforzo no traballo, rematar as tarefas asignadas, colaborar, falar con amabilidade, amosar tranquilidade na aula...estas estratexias son máis efectivas si se empregan diante de toda a clase (felicitación en público, amonestación en privado) Non prestar atención aos comportamentos inadecuados se non son perigosos ou demasiado perturbadores.

Ante un desafío ou negativa con certo grao de agresividade, debese prioritariamente garantir a seguridade do alumno/a amosando tranquilidade e firmeza. Esperar a que diminúa ou remita a conduta desafiante dicíndolle que se lle prestará atención cando estea sereno e tranquilo ou cando realice de forma adecuada o solicitado polo docentes

Empregarase a estratexia de “tempo fóra” co asesoramento do orientador/a, o coñecemento do alumno/a, da familia e sempre baixo a vixiancia dun docente.

Evitar termos absolutos e calificadores hacia o alumno/a e empregar frases nas que se dea unha oportunidade á conduta adecuada. Para modificar un comportamento inadecuado convén referirse ás condutas inadecuadas e non ao escolar, o profesorado deberá entrenarse na aplicación de estratexias cognitivo-condutuais e conte coa colaboración da orientadora do centro para influir no procesamento cognitivo do alumno/a, de modo, que no futuro sexa el quen autorregule o seu comportamento sen necesidade dun adulto que aplique a administración de reforzos ou a retirada de privilexios. As autoinstrucións implican ensinar ao alumno/a, a darse instrucións sobre o que debe facer e recompensarse

verbalmente pola boa execución. A autoavaliación reforzada pretende potenciar o funcionamento do sistema executivo para que os alumnos/as logren ser conscientes da propia conduta e saiban avaliala con respecto as normas da aula.

A orientadora/or poderá planificar co equipo docente e a familia un plan de control no contexto escolar e familiar. Tamén deberá coordinarse cos servizos sanitarios no caso de que o alumno/a estea sendo atendido por estes servizos.

- Medidas a adoptar en función dos recursos do centro.

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA AUDICIÓN E LINGUAXE

Alumnado diagnosticado con NEE e alumnado que ten ACI/ACS	Deficiencia auditiva
Alumnado con trastorno grave de conduta	Trastornos da comunicación (TEA..)
Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe	Alumnado con retraso evolutivo da linguaxe
Alumnado con TDAH	Alumnado con alteracións na fala, dislalias orgánicas
Alumnado con incorporación tardía en E.P	Trastornos da fala que teñan incidencia na lecto-escritura
Alumnado por condicións persoais ou de hª escolar	Alumnado con dislalias funcionais

Na etapa de E.I as posibles dislalias evolutivas, interveñense primeiramente con orientacións ao profesorado titor e ás familias e nos casos máis persistentes é cando se realiza unha intervención preventiva.

PROFESORADO TITOR e/ou PROFESORADO DE APOIO E PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA

Alumnado repetidor	Período de adaptación 4º de E.I
--------------------	---------------------------------

Alumnado con dificultades no proceso de adquisición de lecto escritura	Saídas fóra do recinto escolar
Alumnado que promociona con áreas instrumentais suspensas	Actividades nas que sexa aconsellable a presenza de máis dunha persoa na aula . Tamén podería chegar a realizarse a actividade mediante desdobre.
Alumnado con dificultades puntuais con informe psicopedagóxico	O apoio priorízase na aula de 1º de E.Primaria para facilitar que todo o alumnado poda acadar os obxectivos deste nivel nas mellores condicións posibles.
Grupos-clase con problemática condutual	

Excepcionalmente, en caso de necesidade e sempre que haxa profesorado con dispoñibilidade horaria, poderá realizar apoios en E.I, dentro da aula ordinaria, calquera mestra/e do centro, pero preferentemente o profesorado do nivel máis próximo, ou que xa imparta algunha materia en dito ciclo de E.I

PROGRAMACIÓN ANUAL DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE

OBXECTIVOS

Prestarlle atención docente directa ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que así o requiran.

Colaborar co titor/a , profesorado e orientadora na detección de alumnado .n.e.a.e.

Elaborar xunto co profesorado, as adaptacións de materiais que o alumno requira para facilitar o acceso aos aprendizaxes.

Colaborar coa orientadora e o profesorado titor nas relacións coas familias para o seguimento do alumnado con n.e.a.e.

Asistir ás reunións da Comisión Pedagóxica e do D.O.

Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais e das medidas de reforzo.

Coordinarse cos equipos externos ao centro e reunirse sempre que sexa necesario.

Concrétanse en diferentes actividades como:

Actualizar información para a atención de cada alumno.

Manter entrevistas cos pais dos alumnos para información, asesoramento e coordinación de pautas.

Elaboración de materiais didácticos.

Elaboración de fichas adaptadas.

Reunión con equipos externos persoal de diferentes centros multidisciplinares ,logopedas, terapeutas....

CONTIDOS

Os contidos que se levan a cabo dende P.T. e A.L. son numerosos e correspóndense cos establecidos nos distintos niveis de E. Primaria e E.Infantil. Sen embargo a temporalización varía en función do ritmo de aprendizaxe de cada alumno e da priorización de obxectivos e contidos .

Os bloques de contidos priorizados nas aulas de P. Terapéutica e A. Linguaxe son os seguintes:

Apoio a adquisición da lectoescritura.

Comprensión Oral e Escrita.

Conceptos básicos e habilidades perceptiva .

Habilidades sociais e xestión da intelixencia emocional.

Nocións lóxico-matemáticas básicas.

Adaptacións curriculares nas áreas instrumentais.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Partir sempre da competencia curricular e estilo de aprendizaxe de cada alumno.

Favorecer os aprendizaxes funcionais que procuren a maior autonomía.

Propiciar a participación cos iguais na medida do posible.

Secuenciar as tarefas en pasos e aproximación necesarias para a súa consecución.

Procurar a xeneralización e globalización dos aprendizaxes.

Favorecer e premiar os intentos de aproximación a conduta desexada .

Coordinar cos profesores, especialistas, familias e equipos externos.

O alumnado que se atende nas aulas de P. Terapèutica e A.Linguaxe, así como o número de horas de atención pode variar en función das necesidades que vaian surxindo ó longo do curso. Como norma xeral o apoio levaráse a cabo na aula ordinaria ,cando isto non sexa posible faráse un apoio individualizado na aula específica.

RECURSOS

Material Bibliográfico.

Fichas elaboradas adaptadas.

Material manipulable.

Xogos educativos.

Aplicacións pedagóxicas de matemáticas, lectoescritura , atención...

AVALIACIÓN

Nas aulas de P.Terapèutica e A. Linguaxe partimos da avaliación inicial para adoptar as medidas de reforzo necesarias e máis axeitadas a cada alumno en concreto. A avaliación do proceso de de aprendizaxe fárase en colaboración cos titores, en función dos obxectivos propostos individualmente, o que nos permite ir adaptando a resposta educativa ós alumnos.

Ó final de curso realizárase un informe individualizado de cada alumno, onde se valorará todo o proceso de ensino-aprendizaxe e tamén se darán recomendacións cara o seguinte curso escolar.

ANEXO A: AVALIACIÓN PXAD

O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan xeral de atención á diversidade

PROTOCOLO PARA A AVALIACIÓN DO PXAD:

Identificación e valoración das necesidades

Grao de adecuación dos procedementos realizados para a detección

Identificación de necesidades non previstas no PXAD

Propostas de mellora

Obxectivos do PXAD

Cumprimento

Grao de adecuación

Propostas de mellora

Medidas ordinarias de atención á diversidade

Cumprimento

Grao de adecuación

Propostas de mellora

Medidas extraordinarias de atención á diversidade

Cumprimento

Grao de adecuación

propostas de mellora

Critérios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas

Autoavaliación dos profesionais en relación ás medidas deseñadas

Cumprimento

Grao de adecuación

Propostas de mellora

Mecanismos de coordinación e colaboración internos:

Cumprimento

Grao de adecuación

Propostas de mellora

Canles de colaboración coas nais/pais ou titores/as legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro:

Cumprimento

Grao de adecuación

Propostas de mellora.

11.4 PLAN DE DINAMIZACIÓN DAS TIC

1. Introducción.

O *DECRETO 105/2014*, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece como un dos obxectivos desta etapa o que se cita a continuación: *iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico antes as mensaxes que reciben e elaboran.*

Polo tanto, a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe levarase a cabo de xeito gradual.

A variedade de materiais e medios que poñen á nosa disposición as TIC suporá un recurso máis no que concirne a adquisición das competencias clave (competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, entre outras).

A súa importancia social e cultural fan necesaria a adquisición de coñecementos e habilidades para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos ámbitos de aprendizaxe, familiares e de lecer, especialmente nos últimos cursos da educación primaria.

Para que os obxectivos que plantexamos se poidan levar a cabo, os/as membros/as do equipo levarán a cabo formacións individuais a través das actividades ofertadas en Fprofe ou outras entidades e varios mestres/as levarán a cabo o PFPP LIÑA A: Plan dixital do centro. Integración didáctica das Tic. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.

2. Obxectivos.

A) Obxectivos xerais:

- O obxectivo principal deste curso será a realización do Plan Dixital de centro.
- Outros obxectivos:
 - Fomentar o uso das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe tanto nas etapas de educación infantil como na de educación primaria.
 - Dar continuidade ao Proxecto Abalar en 5º e 6º de primaria.
 - Favorecer a utilización dos medios informáticos por parte do profesorado nas súas tarefas habituais do centro: programacións, memorias, comunicacións, actividades,...
 - Xestionar e optimizar o uso dos recursos tecnolóxicos do centro mediante a revisión e o mantemento dos mesmos.
 - Continuar co proceso de mellora do equipamento informático do colexio, tendo en conta as diferentes necesidades.
 - Continuar co uso da páxina web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcidadevella> como medio de comunicación co resto da comunidade educativa.
 - Actualizar á páxina web cos datos do curso actual.
 - Modificar a páxina web para que sexa máis visibles os contidos.
 - Elaborar e actualizar o inventario dos medios existentes.
 - Empregar os recursos de Espazo Abalar.

B) Obxectivos para o profesorado:

- Seguir usando as TIC na súa práctica docente.
- Usar as TIC na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
- Empregar o ordenador para tarefas xerais e cotiás: programacións, avaliación, informes, fichas, etc.
- Consultar e obter información a través das TIC tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Usar os recursos que proporciona o Proxecto Abalar.

- Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
- Seguir facendo uso de Abalar para a comunicación coas familias, tanto na etapa de educación infantil como na de educación primaria.
- Continuar, de 3º ata 6º de primaria, co uso da Aula Virtual do colexio; plataforma que se vai utilizar en ditos cursos en caso de ter que recorrer ao ensino telemático.

C) Obxectivos para o alumnado:

- Usar o encerado dixital na aula de infantil para levar a cabo actividades interactivas.
- Utilizar programas educativos que faciliten a aprendizaxe.
- Dotar ao alumnado de 5º e 6º de estratexias e habilidades para o uso dos equipos que teñen á súa disposición dentro do Proxecto Abalar.
- Utilizar o ordenador nas aulas de 5º e 6º como medio de investigación para ampliar coñecementos, sempre que o carriño permita o funcionamento dos portátiles na aula de 5º.
- Continuar, de 3º ata 6º de primaria, co uso da Aula Virtual do colexio; plataforma que se vai utilizar en ditos cursos en caso de ter que recorrer ao ensino telemático.

3. Organización e materiais TIC.

A) Equipo:

- Julia Gil Calvo
- María de los Ángeles Lorenzo Barral
- Maryem Sali Duque
- Marcos Bóveda González (dinamizador)

B) Funcións do equipo TIC:

- Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
- Mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro contando co apoio do técnico da empresa de mantemento que presta dito servizo ao centro.

- Dar soporte e orientar, no uso didáctico do equipamento informático do centro, ao resto do claustro.
- Continuar coa administración da Aula Virtual do colexio.
- Organización e xestionar os medios e recursos tecnolóxicos do centro.
- Asesorar no mantemento e configuración do sitio web do centro.

C) Materiais TIC ao comezo o curso 2021/2022:

A) Administración

- Dirección: un ordenador portátil e unha impresora.
- Secretaría: un ordenador conectado a unha fotocopiadora que fai funcións de impresora.
- Xefatura de estudos: un portátil conectado a unha fotocopiadora que fai funcións de impresora.

B) Aulas

- Todas as aulas de infantil e primaria contan cun ordenador e con proxector e un encerado dixital. Na actualidade a pizarra dixital da aula de 4 anos non funciona, solicitamos un cambio e estamos a espera de recibila (informáronnos de que non había unidades dispoñibles).
- A aula de Inglés dispón dun ordenador portátil, un proxector e un EDI.
- A aula de música dispón dun portátil e dun proxector.
- A aula de relixión dispón unicamente dun ordenador de mesa.
- Tanto a aula de P.T. como a aula de A.L. dispoñen dun ordenador e dunha tableta.
- O departamento de Orientación conta cun ordenador e cunha impresora.
- A sala de profesorado conta con dous ordenadores e cunha impresora.
- A biblioteca dispón de tres ordenadores para consulta, un ordenador conectado a unha impresora e un *Netbook* conectado a un proxector e un EDI.
- A aula de Informática, dispón de 12 ordenadores, algún deles con problemas de funcionamento.

C) Outros.

- Contamos con 10 ordenadores portátiles cedidos pola Consellería para ser empregados, en caso de confinamento, por aquel alumnado que non dispón de medios na casa.

11.5. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

1. INTRODUCCIÓN.

O CEIP Cidade Vella conta cunha matrícula de 187 alumnos e alumnas escolarizados; 55 nas tres aulas de educación infantil (18 en 3 anos, 14 en 4 anos e 23 en 5 anos) e 132 nas seis aulas de educación primaria (20 en 1º, 20 en 2º, 25 en 3º, 21 en 4º, 22 en 5º, 24 en 6º).

O Claustro está conformado por 4 mestras de educación infantil, 6 titoras/es de educación primaria, mestra de E.F., mestre de E.F., mestra especialista en lingua estranxeira (inglés), mestra especialista en Música, mestra de Relixión Católica (Compartida co CEIP Manuel Murguía), 2 mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica (unha delas compartida co CEIP Sanjurjo de Carricarte), mestre especialista en audición e linguaxe (compartida co CEIP Fernández Latorre) e Xefa do departamento de Orientación (compartida con CEIP Sanjurjo de Carricarte).

Como persoal non docente, contamos cunha conserxe, unha auxiliar educativa e dúas persoas encargadas da limpeza.

- Equipo de Dinamización da Lingua Galega do curso 2021-2022 estará conformado por:

-Ana María Paredes Candal (titora de 1º de E.P.)

-Ana María Gómez Seijas (titora de 3º de E.P.)

-Carlos Sastre de Vicente (titor de 6º de E.P e coordinador do equipo).

- Nieves Fernández Rubiales (mestra de Relixión)

O Equipo manterá unha xuntanza mensual, como mínimo, os luns en horario de tarde, a xuntanza será de carácter presencial ou cando proceda por vídeoconferencia e reunirase cando sexa preciso para concretar os obxectivos e actividades a desenvolver ao longo o curso, dirixidas a potenciar o uso da lingua galega na vida escolar. Así mesmo, o coordinador establecerá reunións mensuais cos coordinadores e coordinadoras dos

Equipos de Biblioteca, Actividades Complementarias e Extraescolares, e TIC para establecer liñas de actuacións comúns.

2. VALORACIÓN DA PROGRAMACIÓN PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA REALIZADA NO CURSO ANTERIOR.

A valoración global da consecución dos obxectivos propostos na programación e o desenvolvemento das actividades no curso 2020-21 foi positiva. Isto , a pesar das limitacións que supuxeron manter as medidas de prevención sanitaria polo covid-19 .

Tras unha revisión das actuacións realizadas e das propostas de mellora aportadas tanto polo equipo como pola totalidade do claustro, concluímos a necesidade de continuar con algunhas das actividades desvoltas; modificar algunhas propostas puntuais e dar cabida a celebracións que resultaron de interese, como a celebración do Día de Rosalía de Castro ou incluír a celebración do día da Muller. Este ano todos os Equipos do centro estamos traballando no proceso de elaboración dun Proxecto común que a falta de estar definido neste momento apunta a que se traballe transversalmente o tema de A Cidade Vella non obstante a concreción todavía non está feita e incluso este tema podería ser modificado.

Continuaremos coa realización de actividades e actuacións que contribúan tanto a desenvolver a expresión e comprensión escrita coma o achegamento a nosa cultura .

3.- ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

A escola é un elemento de integración social e cultural de primeiro orde, polo tanto é moi importante ter en conta o contexto lingüístico do noso centro.

a.- Contorno sociolingüístico do centro.

O emprazamento do CEIP Cidade Vella é urbano, onde o alumnado escolarizado procede, na súa maioría, dun entorno castelán- falante, o que implica que a nivel lingüístico a lingua empregada habitualmente sexa o castelán. Aínda así, hai que subliñar que ámbalas dúas

linguas conviven tanto na escola como a nivel familiar e noutros momentos da vida cotiá (rúa, xardíns, colexio, compras,..) utilizándose con espontaneidade.

b.- Situación actual do profesorado.

O profesorado que desenvolve a súa labor educativa neste centro utiliza indistintamente ambas linguas, algúns mestres empregan maioritariamente o galego, aínda que son unha menor porcentaxe do claustro. No noso centro as materias son impartidas nas linguas correspondentes: Lingua Galega, Lingua Castelá e Lingua inglesa.

O feito de ter certa predominancia do castelán non implica en ningún caso unha actitude desfavorable cara ao galego e á súa normalización lingüística, todo o contrario, de feito maniféstase unha boa disposición á potenciación da lingua galega e á adquisición dun grao de coñecemento e dominio que posibilite o seu emprego dun xeito espontáneo e fluído en tódalas situacións. Participando nas actividades e propostas realizadas pola coordinadora galega de equipos de normalización e dinamización lingüística e propostas que veñen desde o Equipo de Biblioteca, que emprega preferentemente o idioma galego.

Por outra banda, a instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, establece que no ensino primario, o alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio da lingua que teña o alumnado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición das dúas linguas oficiais en igualdade. A avaliación realizarase conforme cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos de cada materia.

Na educación primaria as materias de lingua impartiranse no idioma de referencia. Impartiranse en galego as áreas de ciencias sociais e ciencias da natureza, e en castelán a materia de matemáticas.

c.- Situación actual do alumnado.



O alumnado inmerso neste contorno sociolingüístico é, consecuentemente e na súa maioría, castelán-falante, manténdose a mesma duplicidade lingüística xa constatada noutros apartados, é dicir, a utilización de ámbalas dúas linguas, nos distintos momentos da vida escolar e familiar.

Así as cousas, sendo o castelán a lingua maioritaria do alumnado e dado que no contorno hai unha escasa presenza da outra lingua, será necesaria unha presenza importante do galego dende o inicio da escolaridade. Polo tanto, para conseguir o dominio progresivo das dúas linguas, o galego será introducido dende o comezo do cuarto curso de educación infantil, de xeito que os alumnos e alumnas se acostumen a escoitar abundantes mensaxes orais nesta lingua por parte do profesorado, sen forzar en ningún momento a lingua de expresión do alumnado. Ademais das interaccións orais profesorado-alumnado, outras actividades importantes que permitirán introducir o galego nas aulas de educación infantil dun xeito lúdico e motivador son os contos e as cancións.

As actividades relacionadas coa lectoescritura comezarán facéndose en castelán, pero desenvolveranse case paralelamente en galego só cun mínimo desfase temporal, facendo fincapé na especificidade propia de cada unha das linguas (fonemas comúns, variación nas palabras nas dúas linguas, etc).

Cabe destacar a boa disposición do alumnado cara o emprego da lingua galega, non existindo prexuízos de ningún tipo para o seu uso ou para o desenvolvemento de calquera actividade que se programe nesa lingua ou nas actividades que eles mesmos escollen (realización de traballos de aula, lecturas, cancións, películas, actuacións en festivais e distintas celebracións, etc.).

d.- Situación ambiental lingüística do centro.

En xeral, valorando todos os datos expostos nos apartados anteriores, pódese dicir que a situación lingüística do centro mostra unha convivencia da lingua galega e castelá, agás loxicamente na aprendizaxe das áreas sinaladas por lei, nas conmemoracións, na realización de traballos para a súa exposición, tanto oral como escrita, e nas

comunicacións, do centro con outras institucións e coas familias onde se utiliza sempre o galego; co que pretendemos apoiar a nosa lingua fronte a un entorno maioritariamente castelán falante, avogando polo bilingüismo, coñecemento e uso de ambas linguas por parte de toda a comunidade educativa.

Hai que facer constar que a ANPA nos seus comunicados utiliza o castelán ou o galego, con predominio do primeiro, e a nivel oral tamén alterna o galego e o castelán dun xeito espontáneo. Nas actividades que se desenvolven no centro pola tarde, organizadas polo Concello baixo a denominación de Programa de Ocio Educativo (POE), a lingua empregada na escrita é a galega pero na fala tamén existe unha convivencia espontánea e harmónica das dúas linguas.

4. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

En primeiro lugar, sinalar os obxectivos que nos propoñemos, extraídos do Plan Lingüístico do noso Centro, para pasar a continuación ás actividades a desenvolver no presente curso escolar.

4.1. Obxectivos.

O **obxectivo xeral** é *fomentar o uso do galego no noso centro educativo coa implicación dos membros da comunidade educativa contribuíndo deste xeito á creación dunha actitude positiva no tocante a nosa lingua propia e á dinamización lingüística do contexto.*

Para acadar este obxectivo, teremos presentes os seguintes **obxectivos específicos**:

a.- Obxectivos para a potenciación do galego no contorno sociolingüístico do centro.

- Difundir a lingua e a cultura galega no entorno. O centro constitúese como axente dinamizador e divulgador no propio centro e de cara aos axentes externos, procurando a implicación de toda a comunidade educativa,



especialmente o propio alumnado como elemento do cambio. Continuar coa difusión das actividades do Equipo de Dinamización da Lingua Galega mediante o uso das TICS.

-
- Participar nas actividades relacionadas coa dinamización lingüística promovidas polas institucións, entidades ou asociacións do noso contorno mais próximo. Manter un contacto e colaboración con outros centros educativos e organismos cos que compartir este obxectivo común e que desenvolven actividades empregando como lingua vehicular o galego e relacionadas coa nosa cultura e as nosas letras: Biblioteca Municipal, Seminarios de Galego, CGAI, Fórum Metropolitano, Museos (Luís Seoane, Belas Artes, MACUF...), Concello...
- Dentro do entorno escolar e como elemento de visibilidade de cara a comunidade educativa, tamén é obxectivo destacado o mantemento da páxina web do centro que recolle blogues de aula, traballos do alumnado, fotografías e vídeos das actividades desenvoltas en distintos momentos do curso escolar.

Neste eido, e se finalmente é o proxecto CIDADE VELLA o tema catalizador deste curso, faranse actividades que fagan fincapé nos seguintes aspectos:

- Rúas
- Prazas
- Igrexas
- As murallas
- Xardíns
- Historia (eventos históricos vencellados á Cidade Vella)
- Persoeiros importantes
- Casas históricas

➤ O Castelo de San Antón

Cada aula tratará algún/s destes aspectos en función da organización do seu curso , sendo flexible este esquema de traballo, podéndose engadir ou suprimir ítems inicialmente aquí planteados.

Integrámonos neste traballo os equipos do centro (biblioteca, TIC, EACE e EDNL), para o deseño de actividades e propostas a desenvolver na lingua galega (tanto no oral como na escrita).

b.- Obxectivos para a potenciación do galego entre o profesorado.

- Informar sobre a lexislación vixente en materia lingüística e sobre os datos obtidos nas enquisas para a análise sociolingüística do centro.
- Difundir materiais en galego de carácter bibliográfico, audiovisual e para a realización de actividades de tradición galega.
- Estender a utilización do galego de xeito que se converta na nosa lingua habitual e non só nas festividades ou conmemoracións do centro.

Polo que se refire ao profesorado o obxectivo principal segue a ser acadar un bo dominio da lingua galega en todas as súas manifestacións que nos faculte, non só para impartir a docencia nesa lingua, senón tamén para incorporala á nosa vida cotiá dun xeito paralelo á lingua castelá e para utilizala con espontaneidade nas conversas e na escrita. Ademais, manter o interese por abranguer as diversas facetas do galego, dende a lingüística propiamente dita ata as súas variadas e orixinais manifestacións culturais, e ser quen de transmitirille aos alumnos esas valoracións.

Mensualmente, o EDLG enviará ao claustro información sobre temas de interese (xornadas, cursos, materiais, recursos na rede, bibliografía, festas de interese...) que nos permitan o acceso á cultura e lingua galega, como canle vehicular de aprendizaxe.

c.- Obxectivos para a potenciación do galego no alumnado.



- Estimular a lectura de libros en galego, difundir novidades editoriais de interese e o coñecemento de autores galegos.
- Fomentar a expresión oral en lingua galega potenciando as actividades artísticas orais tales como cancións, poesías, ditos populares ou relatos.
- Propiciar a creación literaria en galego, favorecendo a realización de actividades e traballos grupais na nosa lingua, en prol de favorecer o coñecemento e respecto da nosa cultura e tradicións.
- Fomentar o interese pola audición de música galega.
- Dar a coñecer a vida e obra do autor/a homenaxeado no Día das Letras Galegas.
- Continuar coa difusión da revista escolar.

O obxectivo prioritario é, sen dúbida, a adquisición dun nivel de coñecemento da lingua galega que lle permita ao alumnado empregala, comprendela e sobre todo valorala en todos seus aspectos, recuperala e ser quen de difundir a súa utilización coa mesma naturalidade e as mesmas oportunidades que o castelán.

Os alumnos e alumnas teñen que ser conscientes da riqueza que supón o coñecemento e o dominio do galego como vehículo de expresión, e da riqueza que encerra a posibilidade de expresarse nesas dúas linguas. A través da lingua temos acceso á nosa cultura e patrimonio, que nos fai únicos.

d.- Obxectivos para a potenciación do galego no centro.





- Continuar a ampliación dos fondos bibliográficos, fonográficos e audiovisuais con novos materiais.
- Utilizar as TICS para difundir as actividades desenvolvidas polo EDLG. Fomentar o uso da web do centro para a publicación de contido e actividades que potencien o uso do galego e a nosa cultura. Así mesmo, favorecer a creación de blogues de aula para a difusión dos traballos realizados e fomentar a investigación e acceso as novas tecnoloxías en galego.
- Fomentar o uso de sistemas operativos en galego nos ordenadores, tabletas e outros dispositivos do centro.
- Organizar as actividades de celebración do Día das Letras Galegas e colaborar co resto dos equipos no deseño e posta en marcha de celebracións relacionadas coa nosa cultura (Samaín, magosto...). Este ano as actividades serán realizadas maiormente en cada aula máis que en espazos comúns debido as limitacións que nos veñen dadas polas medidas de prevención sanitaria polo covid-19.
- Potenciar no ensino a presenza da realidade galega e as diversas manifestacións da súa cultura. Procuraremos desenvolver tanto a parte oral como a escrita.

Segue a ser prioritario implicar e concienciar dun xeito activo toda a Comunidade educativa no Plan de Dinamización Lingüística do Centro. O centro, como quedou de manifesto nos apartados anteriores, persiste no obxectivo acadar un ambiente positivo e de valoración cara á utilización da lingua galega por parte dos seus integrantes, de xeito que estes se relacionen entre si con normalidade e espontaneidade nesa lingua en calquera dos momentos da súa estancia no centro escolar e tamén fóra del. Procuraremos desenvolver tanto a parte oral como a escrita.



O alumnado de 5º e 6º forma parte do proxecto ABALAR, polo que será obxectivo aproveitar os medios tecnolóxicos e dixitais para achegarlles os contidos da lingua e literatura galegas. No caso da aula de 5º estes obxectivos serán traballados na medida e no momento en que o armario de carga das Netbooks estea reparado.

4.2. Actividades e actuacións a desenvolver.

a.- Actividades para a potenciación do galego no contorno lingüístico do centro.

O fomento do uso do galego no contorno lingüístico do centro pode canalizarse a través dos compoñentes persoais que conforman a nosa pequena comunidade escolar: o alumnado e as súas familias e o persoal docente e non docente do centro serán os encargados e destinatarios de desenvolver as actividades que promovan a difusión e asentamento da lingua.

Propoñemos actividades que precisan da implicación das persoas do entorno para a súa realización, tales como:

- Intercambio de experiencias con todo tipo de organismos e centros que teñan o galego como lingua habitual.
- Mantemento de contactos cos Servizos da Administración relacionados coa promoción da lingua galega: Gabinete de Normalización Lingüística da Delegación Provincial de Educación, Servizo de Normalización Lingüística do Concello, Bibliotecas Municipais, Fórum, Macuf, Museos ... para pedir asesoramento, participar nas actividades que convoquen, facer suxestións etc.
- Seguimento das actividades deseñadas por diferentes entidades culturais e/ou educativas especialmente entorno á celebración do Samaín, O Apalpador,



o Entroido, Día de Rosalía de Castro, Día das Letras e semana da prensa; achegando así non só a lingua senón os costumes e tradicións da nosa Terra que forman parte da nosa arraigada cultura.

- Realización de actividades didácticas sobre temas históricos e do patrimonio cultural, aproveitando a localización do noso centro na Cidade Vella, partindo do entorno máis próximo ata abranguer toda a cidade
- Recompilación de contos populares, xogos tradicionais, cantigas, poemas, costumes, refráns, receitas (do Entroido,...), para o que será importante a implicación das familias ...
- Participación en actividades do centro, das persoas do entorno que desenvolvan un oficio ou actividade artesanal ou tradicional de interese para os alumnos/as.
- Colaboración das familias en todo tipo de actividades: elaboración de receitas típicas, disfraces, refráns, contacontos, entrevistas, investigacións...

b.- Actividades para a potenciación do galego no profesorado.

- Achegamento aos recursos dos TIC para a actualización e a diversificación da aprendizaxe e o perfeccionamento da lingua galega. Participación na páxina web do centro e Blogues de aula.
- Incorporación do software en galego para a Educación Infantil e de Recursos Educativos para E.P. (Intranet).
- Elaboración e exposición de traballos e deseño de actividades tanto en torno a temas da programación como do noso proxecto anual.





- Establecemento de contactos con outros centros escolares e institucións ou organismos que teñan tamén como obxectivo a dinamización do galego: Gabinete de Normalización Lingüística, Seminarios de Galego, Concello...

c.- Actividades para a potenciación do galego no alumnado.

- Realización e exposición de carteleiras, redaccións, e diferentes traballos de información, etc. partindo dos temas incluídos na programación da aula e do noso proxecto interdisciplinar.
- Conmemoración de datas sinaladas: Día da Árbore, Día do Libro, Semana da Prensa, etc.
- Celebracións específicas do Día de Rosalía. Sumarémonos un ano máis a esta iniciativa promovida pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) realizando actividades ao redor desta autora galega tan significativa, como por exemplo exposicións da súa obra, ilustracións ou recitados de pequenos fragmentos dela, elaboración de puntos de libro sobre algún dos seus poemas..., e celebración do Día da Muller, a través de exposicións de libros e actividades sobre mulleres galegas relevantes na nosa historia.
- Participación das celebracións tradicionais Magosto, Samaín, Nadal, Entroido, Letras Galegas,...

Para o desenvolvemento de todas estas actividades pode facerse ademais unha selección de contos, películas, cancións ou xogos en torno ós temas que posibilitarán dun xeito lúdico a adquisición de información e o asentamento dos conceptos e vocabulario traballado e, se o tema o merece, a celebración conxunta con actuacións varias.

- Adquisición de bibliografía (libros, contos, cómics) en galego, abranguendo todos os niveis de educación infantil e primaria.



- Creación colectiva das coplas de Entroido: partindo dunha música popular elaboraranse na aula estando todas elas relacionadas co proxecto deste curso vencellado ás estacións do ano .
- Lectura de resúmenes, obradoiros de contos, poemas, traballos de investigación nas aulas correspondentes.
- Participación en concursos variados (de debuxo, culturais, de vocabulario, adiviñas, sopas de letras, encrucillados xigantes, dominós,...).
- Realización e cada aula de dramatizacións ,recitados en diálogos en cada conmemoración do ano.
- Participación activa nas actividades organizadas polos distintos Equipos do centro
- Participación dos alumnos/as en talleres de prensa, radio e blogues.

d.- Actividades para a potenciación do galego no centro.

- Elaboración e exposición de slogans, paneis, frases ou diálogos para a promoción da lingua galega dun xeito dinámico e lúdico, partindo das actividades propostas polos equipos de dinamización e biblioteca para o centro.
- Exposición permanente de traballos en galego realizados polos nenos e nenas de creación, investigación, poesía, ...
- Invitación por parte do Centro para que persoas destacadas nos distintos ámbitos da cultura galega acudan ao colexio a impartir charlas formativas.
- Colaboración con outros centros, institucións e organismos que apoiem ao centro no fomento da lingua galega.
- Adquisición de todo tipo de material fonográfico e bibliográfico en galego. Adquisición de materiais para ampliar o fondo: libros de literatura infantil e xuvenil, CDs de música galega ou DVDs.
- Actualización dos medios informáticos para facilitar o acceso a novos métodos de formación.





- Promoción de todo tipo de actividades, tanto complementarias como extraescolares, relacionadas co fomento da lingua galega.
- Continuar coa publicación tanto en formato impreso como en formato dixital da revista do colexio “Tempo de novas” que recolle unha mostra de traballos de todo o alumnado do centro en lingua galega.
- Colaboración permanente entre os distintos Equipos de traballo para realizar conxuntamente o deseño, planificación e elaboración de actividades que impliquen a todo o centro: Equipo de Biblioteca, de Actividades Extraescolares, de TIC e por suposto o de Dinamización da Lingua Galega. Estaremos todos vertebrados a través do proxecto común deste ano .
- Mantemento do Tempo de lectura: Sesión diaria de lectura dos libros da biblioteca da aula e do centro, desenvolvida na clase
- Realización de encontros coas persoas implicadas no proxecto educativo do centro (ANPA, monitores do POE,...) para darlles a coñecer este proxecto e solicitar a súa colaboración e implicación activa.
- Continuidade da páxina web do Centro, incorporando a páxina web da biblioteca , e continuidade nos blogues de aula facendo fincapé nas actividades feitas en galego enfocadas dun xeito multidisciplinar.
- Realización de actividades plurianuais e interdisciplinares, actividades Extraescolares, Tic e Dinamización Lingüística e que estenden as súas actividades a todas as celebracións que se desenvolven no centro ao longo do curso integrando dun xeito dinamizador a toda a comunidade educativa.
- Continuación coa realización de actividades que teñan que ver coa CIDADE VELLA, que é o enclave social, cultural e histórico onde se sitúa o noso centro, usando tanto materiais documentais tradicionais como información dixitalizada. Incorporando os mesmos a carteis e fichas así como aos blogues de aula e á páxina web do colexio.



Sinalar que a nosa proposta pode sufrir cambios co devir propio do curso, marcado especialmente polas medidas de prevención sanitaria polo Covid-19 . Estaremos atentos a facer unha permanene adaptación en función da evolución deste tema . Intentaremos aproveitar todas as oportunidades que poidan xurdir en relación ao fomento do uso e desfrute da nosa lingua sempre coa colaboración dos outros equipos de centro. O EDLG está aberto a aquelas novas oportunidades que contribúan á consecución dos obxectivos do Plan Lingüístico de Centro, razón de ser da nosa presenza .

Carlos Sastre de Vicente (Coordinador do EDLG).

11.6. OUTROS

- PROGRAMA RECUPÉRA-T:

Este curso 2021-2022, fomos admitidos no Programa Arco, contando cunha mestra de Educación Primaria a media xornada (12,5 horas lectivas semanais), que formará parte do equipo de mestres/as nos cursos de 4º e 5º de Educación Primaria.

- PLAN PROXECTA:

Solicitamos a participación no Plan Proxecta: 01. Aliméntate ben, nas súas modalidades Xermoliño, Froita na escola e Leite na escola. (Non fomos seleccionados).

Tamén nos inscribimos no programa Xogade (Xogos galegos deportivos en idade escolar), quedando pendentes de se hai actividades ou non por mor da Covid 19.

12. RELACIÓN DO CENTROS COAS FAMILIAS E A COMUNIDADE EDUCATIVA.

A participación das familias na vida do centro é un dos obxectivos que tentamos acadar, sabedores dos beneficios que se obteñen desta colaboración para toda a comunidade educativa, mellorando as relacións e a convivencia.

Coa chegada dun novo equipo directivo ao centro, leváronse a cabo dúas reunións (luns 6 de setembro ás 10:30 horas coas familias de Ed. Infantil e o mesmo día ás 12:00 horas coas familias de Ed. Primaria) presenciais, respectando as medidas de seguridade establecidas pola Covid, celebradas no paraninfo da Universidade de A Coruña, coa intención de presentar ao novo equipo, unha pequena explicación das normas de organización e funcionamento, a presentación do profesorado, os horarios de entradas e saídas... co fin de fomentar dende un primeiro momento unhas boas relacións con toda a comunidade educativa.

O/as titores/as tamén levaron a cabo reunións coas familias de presentación do curso, do seguinte xeito:

Nivel	Data	Hora-Espazo
3 ANOS	6 de setembro	11:30 Salón de actos
4 ANOS	27 de setembro	17:00 Salón de actos
5 ANOS	4 de outubro	17:15 Salón de actos
1º EP	4 de outubro	16:15 Salón de actos
2º EP	27 de setembro	16:15 Salón de actos
3ºEP	20 de setembro	16:15 Salón de actos
4º EP	4 de outubro	16:15 Salón de actos
5º EP	27 de setembro	18:00 Salón de actos
6º EP	4 de outubro	17:15 Salón de actos

Para todo tipo de comunicacións coas familias seguiremos empregando os medios habituais nos último anos, como son as comunicacións a través de AbalarMóbil, os comunicados a

través da web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcidadevella/>, as axendas escolares, os enderezos electrónicos facilitados polos/as titores/as e o teléfono do centro.

Todo estes aspectos serán recollidos no Plan de Comunicación do Centro, que será elaborado ao longo do curso escolar.

13. DÍAS NON LECTIVOS.

Xa foron solicitados á Xefatura Territorial, por sede electrónica con número de entrada 2021/2248280, os días 7 de decembro de 2021 e o 16 de maio de 2022, estamos á espera dunha resposta.

14. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

14.1 AVALIACIÓN EXTERNA

A avaliación diagnóstica que cada ano se realiza a requerimento da administración educativa.

14.2 AVALIACIÓN INTERNA

A avaliación interna do centro debe implicar a avaliación tanto dos documentos de planificación docente (a meirande parte deles hai que actualizalos) como a avaliación dos diferentes proxectos (PLAMBE) e a avaliación do rendemento escolar do alumnado.

As datas de avaliación establecidas para o presente curso escolar son as seguintes:

AVALIACIÓNS	ETAPA	DATAS	ENTREGA BOLETÍNS
1ª AVALIACIÓN	E. INFANTIL	29 NOVENBRO OU 20 DE DECEMBRO	20 DECEMBRO
	E. PRIMARIA	13 DE DECEMBRO	20 DECEMBRO
2ª AVALIACIÓN	E. INFANTIL	28 DE MARZO	8 ABRIL
	E. PRIMARIA	4 ABRIL	8 ABRIL

3º AVALIACIÓN	E. INFANTIL	6 OU 20 DE XUÑO	21 XUÑO
	E. PRIMARIA	13 DE XUÑO	21 XUÑO

15. PROCEDEMENTO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN XERAL.

A memoria anual do centro recollerá, os resultados da avaliación final: grao de cumprimento dos obxectivos, suficiencia e idoneidade das medidas adoptadas para a súa consecución e novas propostas.

16. APROBACIÓN DA PXA.

Esta PXA foi informada en sesión de claustro e consello escolar do día 25 de outubro de 2021. Unha das características desta PXA é a da flexibilidade, polo que a dirección do centro poderá realizar, cando crea convinte, calquera modificación.

A Coruña, 25 de outubro de 2021.

E para que así conste.

O DIRECTOR.

44464921X Firmado
MARCOS digitalmente por
44464921X
BOVEDA (R: MARCOS BOVEDA
(R: Q6555002B)
Q6555002B Fecha: 2021.10.26
) 10:32:56 +02'00'

Marcos Bóveda González.